

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE OUTUBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00044990X.

[Aprobación de actas de sesións anteriores.]

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria de data 26 de setembro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de data 29 de setembro de 2022, ás 12:20 horas.
- Extraordinaria-urxente de data 29 de setembro de 2022, ás 14.20 horas.
- Extraordinaria-urxente de data 30 de setembro de 2022.
- Ordinaria de data 3 de outubro de 2022.
- Extraordinaria-urxente de data 4 de outubro de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/520/2019.

[Licenza para a instalación de ascensor nun edificio sito na Rúa Santa Marta de Arriba, 31-33.]
Acórdase conceder á Comunidade de propietarios “Beneficiarios Bloque 2” licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 08/03/2019 e cun orzamento de execución material de 53.093,61 €, a instalación de ascensor nun edificio existente situado na Rúa Santa Marta de Arriba 31-33 Santiago de Compostela (A Coruña)

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021472W.

[Licenza para o proxecto básico de construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lugar da Peregrina s/n.]

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico de data de visado do 11/05/2021 e a documentación presentada o 03/03/2022, 29/04/2022 e o 27/09/2022, cun orzamento de execución material de 110.000,00 euros. O proxecto básico refírese á construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lugar da Peregrina s/n - Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00036728M.

[Instalación de ascensor e rehabilitación de zonas comunes de dous edificios de vivendas sitas na Ruela de Brión, nº 5-7 e autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010.]

Acórdase:

Primeiro.- Conceder á Comunidade de Propietarios Pasadizo de Brion 7 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o reformado do proxecto básico e de execución de data de visado do 11/07/2022, a instalación dun ascensor e rehabilitación de zonas comunes de 2 edificios de vivendas sitas na Ruela de Brion nº 5-7 Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 112.464,89 €.

Segundo.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, de conformidade co informe da arquitecta municipal de data 22/08/2022 solicitada pola Comunidade de Propietarios Pasadizo de Brion 7

para a instalación dun ascensor e rehabilitación de zonas comunes de 2 edificios de vivendas sitas na Ruela de Brion nº 5-7 Santiago de Compostela
Terceiro.- Remitir copia da presente resolución á Dirección xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, xunto con copia da solicitude de excepcionalidade e a documentación que achega.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00026841P.

Licenza para a rehabilitación dos pisos 2º e 3º esquerda do inmoble situado na Rúa da Estrada ,52.]

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico de data de visado do 18/05/2022 e a documentación técnica de data de visado do 19/07/2022, cun orzamento de execución material de 54.542,70 €, a rehabilitación dos pisos 2º e 3º esquerda do inmoble situado na Rúa da Estrada ,52 Santiago de Compostela (A Coruña).

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00021716Q.

Licenza obra maior para a construción de 8 vivendas unifamiliares na Rúa Campiña 10 Mallou de Abaixo.]

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 18 de xullo de 2022 , outorgada ante Notario co número de protocolo 1349. Deberase presentar a escritura liquidada nu prazo dun mes.

Segundo: Conceder a A CAMPIÑA COMPOSTELANA S.COOP.GALEGA licenza para o proxecto básico presentado o 20/07/2022 cun orzamento de execución material de 601.310,20 €. O proxecto básico refírese á construción de 8 vivendas unifamiliares na Rúa Campiña 10 Mallou de Abaixo Santiago de Compostela (A Coruña).

7. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/59/2008.

Caducidade e incoación de procedemento de revisión de oficio de licenzas de rehabilitación e apertura de restaurante no Lugar de Ponte Sionlla, 2.]

Acórdase:

Primeiro: Declarar caducado o procedemento de revisión de oficio incoado por acordó da Xunta de Goberno Local de data 17/01/2022, das licenzas de obras de rehabilitación e apertura concedidas a Julio Brenlla, S.L. no Lugar da Ponte da Sionlla, 2 concedidas pola Xunta de Goberno local con data de 09/06/2010 e 07/12/2018, polo transcurso do prazo máximo para resolver consonte antecedentes e fundamentos expostos.

Segundo: Incoar novo procedemento de declaración de nulidade das licenzas de obras de rehabilitación e apertura concedidas a Julio Brenlla, S.L. no Lugar da Ponte da Sionlla, 2 pola Xunta de Goberno local con data de 09/06/2010 e 07/12/2018, para destinalo a restaurante e salón de banquetes, polo motivo expresado no artigo 47.1. f) da lei 9/2015, segundo antecedentes e fundamentos expostos, incorporando os actos e trámites do procedemento caducado.

Terceiro: Dar trámite de audiencia aos interesados durante un prazo de dez días, para que presenten documentos ou realicen as alegacións que estimen procedentes

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00035116A.

Aprobación do expediente das “Obras de execución do proxecto básico de acondicionamento interior do Salón de Plenos do Concello de Santiago de Compostela”.]

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Obras de execución do proxecto básico de acondicionamento interior do Salón de Plenos do Concello de Santiago de Compostela”.

Segundo.- Abrir o procedemento aberto de adxudicación, establecéndose un orzamento máximo de licitación de **94.323,26 €**, IVE engadido.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 94.323,26€ que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 92000 6320000 (Código de proxecto: 2021 2 EDIF 10 1).

10. ALCALDÍA. Referencia: 2022/00040788V.

Designación de representante municipal na Asociación de Concellos “Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”.

Desígnase á Concelleira Delegada de Políticas Sociais e Saúde e Medio Ambiente, Parques e Xardíns, dona María Milagros Castro Sánchez, como representante do Concello de Santiago de Compostela na “Asociación de Concellos Vía Verde Compostela, Tambre, Lengüelle”.

11. ALCALDÍA. Referencia: 2022/00040873X.

Designación de representante municipal na Fundación Castelao.

Acórdase:

Primeiro. Designar á Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade, dona Mercedes Rosón Ferreiro, como representante do Concello de Santiago de Compostela na Fundación Castelao.

Segundo. Notificar este acordo á Fundación Castelao para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

12. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: Aprobación de pago certificación nº 6 ACEINSA.

Aprobación de pago da certificación nº 6 á entidade ACEINSA.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago, correspondente ó mes de xuño de 2022.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de cincuenta e dous mil, corenta e tres euros e setenta céntimos (52.043,70.-), a prol da entidade ACEINSA, con imputación orzamentaria 060 13300 2270101 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

13. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI 1208/2022.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/3032 emitida por SOLITIUM S.L., en concepto de servizo de copiadoras en dependencias municipais, correspondentes ao periodo entre abril e xuño de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRINTA E UN EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (31,33€) correspondentes á factura número F/2022/3032, en concepto de servizo de copiadoras en dependencias municipais, correspondentes ao periodo entre abril e xuño de 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

14. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI 1179/2022.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/3021 emitida por ACUNTIA SA por importe de 4.382,27 euros en concepto de servizo de operación de mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de xuño do ano 2022. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL TRESCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS (4.382,27€) correspondentes á factura número F/2022/3021, en concepto de servizo de operación de mantemento da rede de datos do concello de Santiago de Compostela correspondente ao mes de xuño do ano 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Referencia: OFI 1183/2022.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/218 con dúas (2) facturas por importe total de 13.027,48 euros emitidas por UTE Telefónica de España SAU Telefónica Móviles España SAU en concepto de servizo cloud, voz fixa e conexións correspondentes ao mes de xuño do ano 2022. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/218 con dúas (2) facturas por importe de TRECE MIL VINTESETE EUROS CON CUARENTA E OITO CÉNTIMOS (13.027,48 €) en concepto de servizo cloud, voz fixa e conexións correspondentes ao mes de xuño do ano 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

16. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Referencia: OFI S/2022/132.

Corrección de erros convalidación da omisión da función interventora relación contable de facturas S/2022/132. |

Acórdase:

Primeiro.- Na proposta de resolución asinada pola concelleira de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local sobre covalidación da omisión da función interventora S/2022/132

ONDE DI:

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL SEISCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON TREINTA E CINCO CÉNTIMOS (2.693,35 €) que comeza pola factura número F/2022/1598 por importe de 104,60 euros, e remata pola número F/2022/2583 por importe de 89,79 euros, todas elas en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre febreiro e maio de 2022.

DEBE DICIR:

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/132 expedidas por varias empresas por importe de DOUS MIL SEISCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON TREINTA E CINCO CÉNTIMOS (2.693,35 €) que comeza pola factura número F/2022/1598 por importe de 104,60 euros, e remata pola número F/2022/2583 por importe de 89,79 euros, todas elas en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre febreiro e maio de 2022.

Segundo.- No acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 13 de setembro de 2022.

ONDE DI:

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL SEISCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON TREINTA E CINCO CÉNTIMOS (2.693,35 €) que comeza pola factura número F/2022/1598 por importe de 104,60 euros, e remata pola número F/2022/2583 por importe de 89,79 euros, todas elas en concepto de servizo de copadoras en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre febreiro e maio de 2022.

DEBE DICIR:

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/132 expedidas por varias empresas por importe de DOUS MIL SEISCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON TREINTA E CINCO CÉNTIMOS (2.693,35 €) que comeza pola factura número F/2022/1598 por importe de 104,60 euros, e remata pola número F/2022/2583 por importe de 89,79 euros, todas elas en concepto de servizo de copadoras en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre febreiro e maio de 2022.

17. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Referencia: OFI S/2022/176.

[Corrección de erros convalidación da omisión da función interventora relación contable de facturas S/2022/176.]

Acórdase:

Primeiro.- Na proposta de resolución asinada pola concelleira de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local sobre convalidación da omisión da función interventora S/2022/132

ONDE DI:

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CUARENTA E TRES EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.043,74 €) que comeza pola factura número F/2022/1831 por importe de 29,67 euros, e remata pola número F/2022/2749 por importe de 204,94 euros, todas elas en concepto de mantemento e consumo de copias das fotocopiadoras en varios Departamentos municipais, correspondente a varios períodos entre o mes de abril e xuño do ano 2022.

DEBE DICIR:

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/176 con dez (10) facturas emitidas polas empresas RICOH ESPAÑA SLU e SOLITIUM NOROESTE que comeza pola factura número F/2022/1831 de data 21/04/2022 por importe de 29,67 euros e que finaliza coa factura número F/2022/2749 de data 16/06/2022 por importe de 204,94 euros, todas elas en concepto de mantemento e consumo de copias das fotocopiadoras en varios Departamentos municipais, correspondente a varios períodos entre o mes de abril e xuño do ano 2022 .

Segundo.- No acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 13 de setembro de 2022

ONDE DI:

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CUARENTA E TRES EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.043,74 €) que comeza pola factura número F/2022/1831 por importe de 29,67 euros, e remata pola número F/2022/2749 por importe de 204,94 euros, todas elas en concepto de mantemento e consumo de copias das fotocopiadoras en varios Departamentos municipais, correspondente a varios períodos entre o mes de abril e xuño do ano 2022.

DEBE DICIR:

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/176 con dez (10) facturas emitidas polas empresas RICOH ESPAÑA SLU e SOLITIUM NOROESTE que comeza pola factura número F/2022/1831 de data 21/04/2022 por importe de 29,67 euros e que finaliza coa factura número F/2022/2749

de data 16/06/2022 por importe de 204,94 euros, todas elas en concepto de mantemento e consumo de copias das fotocopiadoras en varios Departamentos municipais, correspondente a varios períodos entre o mes de abril e xuño do ano 2022.

18. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Referencia: OFI 1166/2022.

[Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/1569 emitida por BETTTER CONSULTANTS SRL en concepto de servizo de mantemento da

aplicacións informáticas de xestión de accidentes de tráfico e atestados correspondentes ao período entre xaneiro e marzo de 2022. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL OITOCENTOS QUINCE EUROS (1.815,00€) correspondentes á factura número F/2022/1569, en concepto de servizo de mantemento da aplicacións informáticas de xestión de accidentes de tráfico e atestados correspondentes ao período entre xaneiro e marzo de 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

19. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/485/2018.

|Aprobación da certificación final da obra de reurbanización da rúa Clara Campoamor. |

Acórdase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de reurbanización da rúa Clara Campoamor emitida por ACCIONA CONSTRUCCION S.A, por importe de 126.651,82 euros.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultados da liquidación do contrato.

20. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2022/00044419Z.

|Solicitude das subvencións nominativas para financiar as actividades dos centros socioculturais de ámbito rural e para as actividades do Centro Sociocultural do Ensanche durante o ano 2022 a Deputación Provincial da Coruña. |

Apróbase a solicitude á Deputación Provincial da Coruña das subvencións nominativas correspondentes o ano 2022 para:

1.- As actividades dos centros socioculturais de ámbito rural por un importe de **90.000 €** de un total de 130.000 € de gasto a xustificar por parte do Concello correspondendo a un coeficiente de financiamento do 62,27 %.

2.- Para gastos do persoal e sostemento do Centro Sociocultural do Ensanche por un importe de **158.141,31 €** de un total de 208.760, 25 € de gastos a xustificar por parte do Concello, correspondendo a un gasto de financiamento do 56,91%.

21. DEPORTES. Referencia: 2022/00037177V.

|Corrección de erros do acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de setembro de 2022 (Reclamación presentada pola sociedade mixta Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos SL das cantidades non percibidas pola non actualización das tarifas correspondentes ao exercicio 2018). |

Acórdase:

Rectificar o erro material existente no acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión de data 26 de setembro de 2022, de xeito que:

Onde di: “Autorizar e aprobar o gasto ...”

Debe dicir: “Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga do gasto”

Quedando redactado parágrafo do seguinte xeito:

“Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga do gasto correspondente por importe de 295.846,51 €, con imputación á aplicación orzamentaria 090 34200 2269999 a cantidade de 266.740,36 euros en concepto de diferenzas entre ingresos percibidos no exercicio 2018 e os que debeu de percibir con arreglo ás tarifas actualizadas que correspondían a aquel exercicio e, con cargo á aplicación 030 9200 3520099 a cantidade acumulada e actualizada en concepto de xuros non devengados por valor de 29.106,15 euros.

22. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00037833Y.

|Aprobación corrección aplicación orzamentaria nas Bases de da convocatoria de axudas de apoio a actividades culturais para o sector profesional 2022. |

Acórdase:

1. Corrixir o erro do acordo adoptado na Xunta de Goberno do día 26 de setembro de 2022.

Onde dí:

2. Autorizar o gasto de 139.163,74 € euros con cargo a aplicación orzamentaria 2021 050 33400 4790100 e o gasto de 270.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2022 050 33400 4790101 da área de Cultura pertencente á Concellería de Acción Cultural.

Debe dicir:

2. Autorizar o gasto de 139.163,74 € euros con cargo a aplicación orzamentaria 2022 050 33400 4790100 e o gasto de 270.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2022 050 33400 4790101 da área de Cultura pertencente á Concellería de Acción Cultural.

23. PRESIDENCIA E TURISMO. Referencia: 2022/00037247H.

[Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Xunta de Confrarías de Semana Santa de Santiago, para o desenvolvemento dun programa de actividades e promoción da Semana Santa durante a anualidade 2022.]

Acórdase:

Primeiro. Tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Xunta de Confrarías de Semana Santa de Santiago de Compostela para o desenvolvemento dun programa de actividades e promoción da Semana Santa durante a anualidade 2022, cunha achega de **3.000,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria 070 92501 4890001.

Segundo. Comprometer o gasto, por importe de 3.000,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 070 92501 4890001.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00043591Z.

[Dar conta da sentenza recaída no recurso de Apelación 7044/2022 do Procedemento Ordinario 120/2019 CA1.]

Dase conta da sentenza 313/2022 do 16.09.2022. Procedemento: AP7044/2022 (PO 120/2019 CA1)

Apelante: Concello

Apelado: Sacyr Social S.L (con anterioridade Valoriza servizos a la dependencia SL)

Obxecto: Contra a sentenza do 18.11.2021 do Xulgado contencioso 1 desfavorable ao concello.

A defensa do concello presentou recurso de apelación por ter rexeitado a sentenza de instancia os argumentos referidos á aplicabilidade dos intereses, copago e contía das facturas. Non entanto, a sentenza do TSXG é desfavorable ao concello, pois confirma a sentenza de instancia e desestima o recurso, aínda que sen imposición de custas por mor de que a sentenza de instancia ofreceu tal posibilidade.

Contra dita sentenza cabe interpoñer recurso de casación perante a sala terceira do TS ou perante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial

2. Non interpoñer recurso de casación

3. Remitir á Área de acción social para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00044108W.

[Dar conta da sentenza núm. 459/2022, recaída no recurso de Apelación 15005/2022 do PO 55/2021 CA1.]

Dase conta da sentenza 459/2022 do 26.09.2022 TSXG CON/AD sec.4

Procedemento: Recurso Apelación 15005/2022(PO55/2021CA1)

Apelante: COMERCIAL MARTINEZ SANCHEZ SL

Obxecto: Sentenza 340/2021 do 24.11.2021do Xulgado CA 1

A sentenza é FAVORABLE ao concello pois desestima o recurso e confirma a sentenza de instancia en todos os seus extremos. En efecto o TSXG entende que as partidas referidas a subministro e montaxe de estanterías, colocación do mostrador e rótulo son elementos inseparables da obra, non susceptibles de funcionamento independente polo que considéraos elementos necesarios e permanentes para o desenvolvemento da actividade á que está destinada a nave razón pola que deben integrar o feito impositivo do ICIO e da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas. O mesmo entende verbo do rótulo, ao ter a función de dar a coñecer ao público o establecemento e a súa sede física distinguíndoo dos demais, sendo en consecuencia un elemento imprescindible para o seu funcionamento. As custas impóñense á apelante na contía máxima de 1.000 euros.

Contra dita sentenza cabe interpoñer recurso de casación perante a sala terceira do TS ou perante a sala correspondente do TSXG sempre que se acredite interese casacional.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Inspección Tributaria (Tesourería) para os efectos do seu coñecemento.

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00044892G.

Dar conta da sentenza recaída no recurso de Apelación núm. 4115/2022 do PO 133/2020 CA2. |

Dase conta da sentenza 333/2022, do T.S.X. de Galicia con/ad sec.2

Procedemento: Recurso de apelación 4115/2022

Apelante: ALPESOL SLS.L.

Obxecto: Sentenza nº 18/2022, do 14.01.2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela ditada no Procedemento ordinario 133/2020, favorable ao concello.

A sentenza é FAVORABLE aos intereses municipais pois desestima o recurso e confirma na súa integridade a sentenza recorrida. A sección segunda da sala do contencioso administrativo do TSXG-ao igual que na sentenza 196/2022 AP4063/2022 nun proceso similar- entende que o alcance das sentenzas invocadas de contrario non supuxo nin a nulidade completa do proxecto de reparcelación, nin a do proxecto de urbanización, afectando só de xeito parcial a determinados gastos e conceptos, distintos e alleos aos gastos e conceptos polos que se xira a liquidación impugnada.

Ao mesmo tempo engade que dita anulación parcial non dispensa aos propietarios da obriga de contribuir aos gastos de urbanización non anulados.

Reproduce tamén determinados fundamentos da recente sentenza desa mesma sala e sección do 2.03.2022 Rec 4278/2021 referida a outra liquidación de cotas do SUNP 37.3 Costa Vella. Indica a continuación que a mera alusión a unha posibilidade de modificación do plan de sectorización non pode entenderse como un vicio de nulidade.

Finalmente non considera xustifico que a cuestión do nó de enlace da N 550 afecte á liquidación impugnada, xa que, ao tratarse de anulacións parciais, non queda acreditado de modo ningún que os gastos polos que se xira a liquidación se correspondan con obras inviables ou con proxectos ou plans non aproveitables.

Contra dita sentenza cabe interpoñer recurso de casación ante a Sala Terceira do Tribunal Supremo ou ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza, sempre que se acredite interese casacional. Impóñense as custas á parte apelante, co límite máximo de 1.000 euros, por todos os conceptos.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Departamento de planeamento para os efectos do seu coñecemento.

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00037495J.

Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 299/2022 CA1. |

Dase conta da sentenza nº 320/2022. PA 299/2022 CA1

Obxecto: embargo salarios RISGA.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

O demandante impugna a desestimación por silencio da solicitude de reintegro de 350,49 euros, embargados por débedas co Concello, que serían non embargables por tratarse de salarios do RISGA.

No momento de contestarse a demanda, o Servizo de Tesourería ten estimada a solicitude do interesado. Non obstante, a pesares desta satisfacción na vía administrativa, o xulgado dita sentenza estimatoria, condenando en custas ao Concello.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tesourería para o seu coñecemento.

28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00044760X.

[Dación de conta de sentenza recaída no procedemento PA 546/2020 CA1.]

Dase conta da sentenza nº 319/2022. PA 546/2020 CA1

Obxecto: sanción por non cumprir as indicacións da Policía Local.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación. A demandante é sancionada por non respectar as indicacións dos axentes; concretamente, a de continuar a marcha en lugar de intentar acceder a un espazo –San Clemente- pechado nese momento ao tráfico.

A demandante pretendía acceder ao aparcadoiro coa xustificación de que tiña unha praza para uso privativo. Pero dita acreditación realízase no expediente, non no momento de pretender acceder a aquel; polo que a orde era correcta, e o seu incumprimento está acreditado.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

29. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00044081K.

[Dar conta do Auto recaído no Procedemento Ordinario 467/2021 CA2.]

Dase conta da resolución do auto 79/2022, do 15.06.2022, do XCA nº 2 de Santiago de Compostela. Procedemento: PO 467/2021

Demandante: URBANIZADORA LANDEIRA, S.L.

Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica, Acción Cultural e Igualdade nº 2021/10107, do 25.10.2021, polo que se denega á entidade recorrente a licenza para realizar o acondicionamento de local para uso de vivenda, sito na rúa Nova 12, baixo, ao non ser obras autorizables consonte o PE-1.

O Auto, FAVORABLE aos intereses municipais, declara a caducidade definitiva do recurso contencioso-administrativo debido á preclusión do trámite de formalización do escrito da demanda tras a remisión do expediente administrativo.

O Auto é firme (diligencia de ordenación do 1.09.2022), polo que non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Licenzas para os efectos oportunos.

30. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00044068P.

[Dación de conta de auto recaído no procedemento PA 75/2022 CA2.]

Dase conta da resolución do auto 83/2022 do 29.06.2022, do XCA nº 2 de Santiago de Compostela. Procedemento: PA 75/2022

Demandante: COMUNIDADE DE PROPIETARIOS UNIDADE RESIDENCIAL ROSALÍA DE CASTRO

Obxecto: Desestimación presunta do recurso de reposición interposto contra a dilixencia de embargo do expediente 57742 (2017/1115T), relativa ás liquidacións dos IBI relativos aos anos 2016, 2017 e 2018.

O Auto é FAVORABLE aos intereses municipais, ao resolver a terminación do procedemento por satisfacción das pretensións na vía administrativa.

O Auto é firme (dilixencia de ordenación do 29.07.2022), polo que non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir á Tesourería (sección de recadación) para os efectos oportunos.

31. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00044990X.

[Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.]

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 30 de setembro ao 6 de outubro de 2022.

URXENCIAS

32. CONTRATACIÓN. Referencia: CON2022000003

Adxudicación do contrato que ten por obxecto “Prestación do servizo de Revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS). Actuacións incluídas no Programa EDUSI 2017-25, cofinanciado polo Concello de Santiago e os fondos FEDER.”

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto “Prestación do servizo de Revisión do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS). Actuacións incluídas no Programa EDUSI 2017-25, cofinanciado polo Concello de Santiago e os fondos FEDER.” á UTE EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA SL e CPS INFRAESTRUCTURAS MOVILIDAD Y MEDIOAMBIENTE S.L. por ser a súa oferta, **139.936,50 euros** (Base imponible: 115.650,00 euros, IVE do 21%: 24.286,50 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Segundo: Comprometer o gasto por importe de 139.936,50 euros con cargo á aplicación orzamentaria 030 15100 2270600 (Código de Proxecto: 2017 3 EDUSI 4), reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades condicionado, non obstante á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2022: 69.968,25 euros

Anualidade 2023 69.968,25 euros

33. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00045252L

Proposta para acordo de participación no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-nextgenerationEU de acordo á Resolución do 8 de xullo 2022 (DOG Núm. 137) data 19 de xullo de 2022 na que se regula o procedemento.

Acórdase:

Solicitar a participar na convocatoria ao Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio (a previsión da axuda para solicita ao Ministerio a través dos fondos NextGenerationEU é de 5.551.978,07 euros) para a realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios residenciais no marco do Plan de recuperación, recollida na Resolución da Xunta do 8 de xullo 2022 que regula o procedemento de participación, nas contías e anualidades recollidas nos seguintes cadros, tendo en conta que as cantidades consignadas como aportación do Concello refírense exclusivamente aos gastos de persoal funcionario existente na Oficina nestes momentos:

ANUALIDADE 2023					
ACTUACIÓNS (en número de vivendas)					
Estimación nº VIV con subvención adicional		Nº TOTAL VIV. para esta anualidade	Intervención subvencionable	CUSTO	Financiamento con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU
Vulnerabilidade económica	Retirada amianto	84	Rehabilitación	1.648.779,86 €	1.042.875,61 €
			Urbanización		
			Oficina Rehab. «Portelo único»	138.654,43	67.200,00 €
			Realoxos temporais		
59,29%		84	TOTAL	1.787.434,29	1.110.075,61 €
PREVISIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS A 31.12.2022 (en número de vivendas):					84

ANUALIDADE 2024					
ACTUACIÓNS (en número de vivendas)					
Estimación nº VIV con subvención adicional		Nº TOTAL VIV. para esta anualidade	Intervención subvencionable	CUSTO	Financiamento con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU
Vulnerabilidade económica	Retirada amianto	169	Rehabilitación	3.297.559,71 €	2.085.751,23 €
			Urbanización		
			Oficina Rehab. «Portelo único»	142.120,79	135.200,00 €
			Realoxos temporais		
59,29%		169	TOTAL	3.439.680,50	2.220.951,23 €
PREVISIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS A 31.12.2024 (en número de vivendas):					169

ANUALIDADE 2025					
ACTUACIÓNS (en número de vivendas)					
Estimación nº VIV con subvención adicional		Nº TOTAL VIV. para esta anualidade	Intervención subvencionable	CUSTO	Financiamento con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU
Vulnerabilidade económica	Retirada amianto	169	Rehabilitación	3.297.559,71 €	2.085.751,23 €
			Urbanización		
			Oficina Rehab. «Portelo único»	145.673,81	135.200,00 €
			Realoxos temporais		
59,29%		169	TOTAL	3.443.233,52 €	2.220.951,23 €
PREVISIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS A 31.12.2025 (en número de vivendas):					169

Anualidade	Ministerio (con cargo Outras aportacións Anualidade ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea NextGenerationEU	Outras aportacións			TOTAL
		Concello	Outras admons. públicas (1)	Promotores privados	
2022					
2023	1.110.075,61	138.654,43		605.904,24	1.854.634,29
2024	2.220.951,23	142.120,79		1.211.808,48	3.574.880,50
2025	2.220.951,23	145.673,81		1.211.808,48	3.578.433,52
TOTAL	5.551.978,07	426.449,03		3.029.521,21	9.007.948,31

34. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019968N

Aprobación da rectificación de erro e aprobación do gasto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española (Programa Sen Fogar + Teleasistencia) pola contía de 85.000,00 €

Acórdase:

Primeiro. Aprobado a rectificación do erro producido, a vista do indicado no seu informe polo departamento de comercio, o que implica a incorporación ao expediente de gasto dun novo documento contable RC (nº 920220004809) e a anulación do anterior RC xenerado (nº 920220004808),

Segundo. Aprobado o gasto do convenio de colaboración para o ano 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Cruz Roja Española (Programa Sen Fogar + Teleasistencia) pola contía de **85.000,00 €** e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800015, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

35. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2022/00044990X

Dar conta da formalización dun convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades de a Asociación Compostelana de Amigos do Ferrocarril.

Acórdase:

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración formalizado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelana de Amigos do Ferrocarril-ACAF que ten por obxecto financiar a rehabilitación do coche de viaxeiros denominado “Verderón”, por un importe de 30.000 euros.

36. CENTROS CÍVICOS. Referencia: S/2022/155

Subsanación da relación contable S/2022/155 do ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA por omisión de función interventora

Acórdase:

Primeiro. Convalidar a actuación de gastos levadas a cabo con omisión de requisitos ou trámites esenciais, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordó cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor do ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA segundo se reflicte na relación contable S/2022/155 e con imputación á aplicación orzamentaria 040 33403 2020000 que figura nas actas de conformidade da factura, por un importe total de 930 € (NOVECIENTOS TRINTA EUROS).

37. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00034619Q

Nomeamento como responsable do contrato do “Servizo de mantemento dos ascensores e salvaescaleiras dos edificios e locais municipais do Concello de Santiago” .

Acórdase nomear como responsable do contrato do “*Servizo de mantemento dos ascensores e salvaescaleiras dos edificios e locais municipais do Concello de Santiago*” a M.C.L.M. ou, en caso de ausencia, o/a técnico/a do servizo de Obras e Proxectos que a substitúa.